

**Área: Administración****Circular nº 12 - Temp. 25/26**

## **MUTUALIDADE XOGADE FEDERADA PARA NENOS/AS CATEGORÍAS ALEVÍN E BENXAMÍN**

Unha vez rematado o prazo de inscrición de equipos para as competicións de categoría alevín e benxamín, a Federación Galega de Balonmán informa de que:

- mañá martes 14 de outubro procederemos a dar de baixa do seguro de Xogade a todos os xogadores/as que a día de hoxe non se atopan inscritos en ningún equipo participante nas competicións deportivas federadas organizadas pola Federación Galega de Balonmán.
- A Federación Galega de Balonmán non certificará a licenza de ningún xogador/a que non se atope debidamente inscrito en a lo menos un equipo participante nas competicións federadas organizadas pola propia federación.
- A Federación Galega de Balonmán non apoiará ningunha competición paralela ás competicións federadas que vaia en contra do formato acordado de xeito unánime na reunión de clubs celebrada o día 10 de xuño de 2025 (3 horas e 15 minutos de duración) ou dos acordos da Asemblea Xeral.
- A Federación Galega de Balonmán, reservase o dereito a tomar as medidas que lle outorga a lei e as competencias públicas delegadas pola Xunta de Galicia, no caso de competicións paralelas ás federadas nas que participen xogadores/as federados/as e que non cumpran coa normativa vixente ou as obrigas derivadas da licenza federativa.

Para que teña os efectos oportunos, enviamos a seguinte circular.

En Vigo a 13 de outubro de 2025.

